

LIBROS

Alba Méndez e Momán volven sobre Rosalía

13.01.2011 Colección sobre a produción artística

MARÉ

Alba Méndez e Alberte Momán son os impulsores de *Q de Vian Cadernos*, unha iniciativa do colectivo A Porta Verde do Sétimo Andar que, con este primeiro número, busca incidir na visibilidade da produción artística galega.

Esta colección nace con afán de continuidade polo que, periodicamente, abrírase a porta deste espazo á participación de artistas galegos e galegas, así como a autores e autoras de países lusófonos cos e coas que xa actualmente se manteñen relacións.

De Castro é unha colectánea poética elaborada por Alba Méndez e Alberte Momán, na que unifican a visión de ambos sobre a obra e a figura de Rosalía de Castro, icona da literatura e da identidade galegas.

Lonxe de todo academicismo e de actualizacións que estarían fóra de lugar, os autores intentan elaborar unha apropiación da obra da autora galega, para achegala á de dúas persoas diversas nun exercicio de posta en común, non exento de conflitos. Porta Verde do Sétimo Andar naceu hai cinco anos en Vigo e hoxe é un referente na poesía contemporánea feita en Galicia.